



1.100 PRAZAS BLOQUEADAS NOS CONCURSOS DE TRASLADOS

Son 861 prazas reservadas de "concurso específico", sen titular dende o ano 2015 e ocupadas en comisión de servizos, xunto a outras 239 reservadas a persoas en LD

As persoas que ocupan esas 1.100 prazas a súa vez teñen outra en propiedade, que tampouco pode ser ofertada no concurso ordinario de traslados

Foron moitos os compañeiros e compañeiras que contactaron coa CIG para reclamar prazas vacantes non ofertadas nos concursos de traslados que se negociaron nos últimos meses, sen decatarse de que tales prazas tiñan a forma de provisión de "concurso específico", polo que non poden ser ofertadas nun "concurso ordinario". Son postos de dirección de centros, habilitacións, xefaturas de servizo, de sección, de área, etc.

A Lei do Emprego Público de Galiza introduciu unha nova forma de provisión dos postos de traballo do persoal funcionario, o **concurso específico**, que xunto co **concurso ordinario** e a **libre designación**, é unha das tres formas de provisión de postos previstas nesta Lei impulsada polo goberno de Feijoo no ano 2015.

Houbo que agardar ata o ano 2019 a que negociaran cos sindicatos o proxecto de Decreto que regula a cobertura dos postos de concurso específico, aprobado co voto en contra dos catro sindicatos con representación na Mesa Xeral (CIG, CCOO, CSIF e UGT). Non foi ata setembro do 2022 publicaron en DOG o *Decreto 151/2022, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira [...] do sector público autonómico.*

Chegados a abril do 2024, aínda non se convocou a cobertura regulamentaria da primeira praza de concurso específico, polo que levan dende o ano 2015, e van 9 anos, cubrindo estas prazas mediante comisións de servizos.

Son en total 861 prazas de todos os corpos e escalas que non poden convocar nos concursos ordinarios, e mentres tanto, as persoas que as ocupan a súa vez teñen bloqueadas as prazas das que son titulares que



tampouco poden ser ofertadas por non ser vacantes. E se seguimos, seguro que a inmensa maioría desas prazas tamén están ocupadas por outra comisión de servizos, e así poderíamos seguir.

A CIG rexeita esta forma de provisión de prazas, demanda a súa eliminación e a reconversión das prazas a concurso ordinario. E en todo caso, se manteñen o concurso específico, esiximos que as convoquen xa para que non haxa dobre bloqueo de prazas dende hai xa nove anos.

Sumamos outros 239 con reserva de posto

Por si 861 postos bloqueados son poucos, na nosa Administración temos outros 239 postos bloqueados por persoas que ocupan postos de libre designación e teñen dereito a reserva do posto obtido por concurso. Son as persoas que ocupan as vicesecretarías e subdireccións xerais, e as secretarías e xefaturas territoriais. En total 239 postos, que por indicación da Lei do Emprego Público de Galiza, as persoas que as ocupan están a bloquear os postos de concurso dos que sexan titulares.

Con isto, estamos a falar de **1.100 postos bloqueados**.

PRAZAS DE CONCURSO ESPECÍFICO			
Por niv. Comp.Dest.	número	Por subgrupo	número
20	6	A1	127
21	40	A1/A2	614
22	2	A1/A2/C1	71
25	82	A2	45
26	33	A2/C1/C2	2
28	698	C1	2
Total	861	Total	861



QUE É O CONCURSO ESPECÍFICO?

Para a provisión de cada posto de concurso específico constitúese unha comisión de valoración nomeada pola persoa titular da consellería convocante. Todo queda na casa.

Na convocatoria determinarase como será a valoración dos méritos. **Nada impide un traxe a medida.**

A mesma comisión valorará posteriormente "*as capacidades, as aptitudes ou os coñecementos que se determinarán na correspondente convocatoria, tales como a realización de probas de carácter práctico, memorias, entrevistas ou test profesionais, ou a valoración de informes de avaliación [..]*". É dicir, que se queren, piden unha memoria, e se queren fan un exame, e se queren, unha entrevista persoal. E todo isto o valora unha comisión designada a dedo.

Quen obteña a praza vai quedar no posto durante cinco anos, momento no que será avaliado por unha co-

misión designada, como non, "*polo órgano competente en materia de persoal da consellería ou entidade*".

A persoa a avaliar terá que presentar un informe da actividade realizada nos cinco anos e unha memoria. Con estes documentos, a comisión de avaliación fará a proposta de continuar ou non no posto. Se a proposta é de continuar, repetimos en cinco anos. Se é desfavorable, será removido do posto.

Por tanto, o que temos son procesos suficientemente flexibles como para escoller a quen lles pete en cada caso, e coa persoa elixida sabedora de que aos cinco anos pode ser removida do posto se non é suficientemente obediente ou non cae simpática.

Serán 861 mandos intermedios máis obedientes, menos independentes. Unha Administración repleta de **libres designacións encubertas** que un goberno lle pode endosar ao seguinte.

CONCURSOS DE TRASLADOS (PERMANENTES, E CON TODAS AS VACANTES)

Nos últimos meses xa foron convocados en DOG algúns concursos de traslados: gardacostas, consumo, incendios, axentes ambientais, enxeñaría, ciencias, arquitectura e o gordo de corpos xerais (pendente de DOG).

Aínda faltan por convocar moitas escalas, tanto de administración xeral como especial. Cando van saír? Pois debería ser xa, e se nos fiamos das palabras do director xeral (e da previsión da Lei 20/2021), todos estarían rematados antes do 31 de decembro. Pero visto o ritmo .. cústanos crelo! Supoñendo que finalmente bulen e por fin convoquen todos os concursos, nalgúns casos con máis de 12 anos de atraso, aplaudiremos coas orellas?

A POLO CONCURSO PERMANENTE

Non se pode repetir, non poden pasar anos e anos entre concursos. Como mínimo esiximos un concurso anual, paso previo para ir a polo concurso permanente, que permita que calquera vacante sexa cuberta nun prazo de tempo razoable.

O persoal docente é moito máis que o persoal dependente de Función Pública (31.000 fronte a 24.000), pero conseguen ter dous concursos cada ano. Que fan eles ben e nosoutros mal?

En cada un deses dous concursos anuais (CXT e CADP) do persoal docente, van todas as prazas nunha única convocatoria. En Función Pública, convócase un concurso diferente para cada escala (ou agrupación de escalas). Que impide que sexa convocado un único



concurso para todas as escalas? Cada quen podería optar exclusivamente ás prazas que teña abertas na RPT á súa escala.

Necesitamos que a Xunta dote de máis persoal á Dirección Xeral de Función Pública. E necesitamos procedementos automatizados pola informática. Recoñecemos que algún cambio houbo, pero non abonda.

TODAS AS VACANTES

Entre os listados de prazas que nos entregaron, e as que saíron nas convocatorias, desapareceron prazas. A CIG tentou obter información do misterio, sen éxito. Así que xa están presentados recursos de reposición, e a decisión da CIG é levalo pola vía xudicial se as respostas non son satisfactorias.

35 HORAS XA!

Para todo o persoal empregado público da Xunta!!

No sector público da Comunidade Autónoma de Galiza, hai varios sectores onde a xornada de 35 horas é xa unha realidade. Sucede o mesmo en varias administracións públicas do Estado, con carácter universal para todo o seu persoal.

CCOO e UGT presumen de que no ano 2022 asinaron un "Acordo Marco" en Madrid que permite ir a pola xornada de 35 horas. Pero esta discusión estivo xa enriba da mesa na nosa Administración no ano 2018 ("Acordo de concertación"), e o que finalmente asumiron estes sindicatos foi pactar **un plan para futuras "xornadas anuais inferiores para o persoal con xornadas a quendas, nocturnas ou especialmente penosas"**. Para o resto (a inmensa maioría), dan por boas as 37,5 horas semanais.

Na CIG vamos a polas 35 horas semanais para todos e todas, e a partir de aí, compensar as condicións especiais de traballo.

OS TEMPOS DOS PROCESOS SELECTIVOS

Unha semana despois de convocar as eleccións ao Parlamento de Galiza, o Presidente da Xunta, Alfonso Rueda, compareceu en rolda de prensa para anunciar, todo fachendoso el, que o Consello da Xunta acordara facer públicas as datas de exames para 22 procesos selectivos. Foi o 28 de decembro de 2023.

Alfonso Rueda estaba a anunciar datas de exame para 12 meses despois, moi por riba da previsión que constaba nas convocatorias deses procesos selectivos, que era de seis meses.

Estamos a manexar prazos inaceptables: convocatorias de procesos selectivos dous anos despois da oferta, primeiro exame un ou máis anos despois da convocatoria, notas que non saen .. rematando o proceso dous ou tres anos máis tarde. Isto é xogar coa vida das persoas. Así que a CIG defende ofertas a primeiros de ano, e procesos que rematen ao rematar ese mesmo ano. Difícil, pero é o obxectivo que nos marcamos.

Con esa idea, a CIG defendeu que os primeiros exercicios foran aos 6 meses da convocatoria. E nos últimos



A semana de 4 días

As experiencias de semanas de 4 días laborais en diferentes estados europeos, e en empresas no estado español, foi un éxito, non só pola ampliación de dereitos, senón polo incremento da produtividade.

A CIG insta á apertura dun proceso negociador para camiñar cara a xornada semanal de 32 horas e de catro días laborábeis con carácter ordinario.

O que alguén pode ver como un privilexio, algún día pode ser unha conquista social, como no pasado foron as vacacións, non traballar os 7 días da semana ou 60 horas semanais, a prohibición do traballo infantil..



anos, Función Pública viña aceptando esa previsión, pero por precaución nas convocatorias indicaban "non antes dos seis meses".

Para a CIG, isto é rirse da negociación e das persoas aspirantes, cunhas previsións de tempo que non se cumpren.

Semanas despois do anuncio do Presidente da Xunta, os sindicatos fomos convocados a continuar coa negociación doutro lote de procesos selectivos que estaban pendentes. Evidentemente queixámonos por esa duplicación dos prazos, sendo a resposta de Función Pública que agora, nestas últimas convocatorias, pasamos de "non antes de seis meses" a "non antes de nove". Din porque iso é mais realista. Con isto faille caso parcial a CCOO, que pedía non menos de 9 meses e non mais de 12.

A CIG insiste en procesos áxiles, o que inclúe que os primeiros exercicios sexan en 6 meses (coas excepcións necesarias). Xa non nos vale "non antes de". Non poden xogar coa xente. As persoas aspirantes deben poder organizar a súa vida.



E AS CONDICIÓNS DE TRABALLO DO PERSOAL NON DOCENTE?

O 12 de febreiro quedou aprobada unha nova modificación parcial da RPT de Educación co voto en contra da CIG e a abstención do resto das organizacións sindicais (CCOO, CSIF e UGT). O motivo do noso voto en contra está en que para a xustificación das creacións e amortizacións de postos seguen a empregar os rateos da Circular do ano 1994 coa que **NON concordamos por considerala desfasada e que non se axusta á realidade dos centros.**

A CIG insiste, unha vez máis, na apertura dunha mesa para negociar as condicións de traballo. Neste caso, e por primeira vez, o director de Función Pública reconece que despois do persoal de Política Social e o persoal do SPIF, o máis numeroso é o persoal non docente e que se deba abordar a negociación dun acordo pero... que **aínda non toca.**

Pois ten que tocar. Porque non é aceptable:

- x Que as funcións e o horario de subalternos e auxiliares dependa da decisión do equipo directivo do momento, ou que haxa importantes diferenzas entre centros similares.
- x Que o rateo para o persoal de limpeza sexa de 1.800 m² mentres que o das empresas que contrata a mesma Xunta non supere os 1.300.
- x Que o persoal docente encargado de comedor cobre polo traballo que fai o persoal non docente.
- x Que o persoal coidador teña que facer ata 3-4 itinerancias na mesma xornada, e sen

compensación económica deses desprazamentos.

- x Que o goce de dereitos como son os asuntos propios vaian acompañados moitas veces de ameazas ou chantaxes.

Isto non é mais que unha escolma de moitas outras situacións que requiren sentármonos a falar e chegar a un acordo sobre as condicións de traballo do persoal non docente dos centros de ensino. **Xa toca !**



RECIBIR INFORMACIÓN DA CIG-AUTONÓMICA

Publicamos a diario no noso **web** información, resumos das xuntanzas, convocatorias, as nosas denuncias... Case todos os días hai algo novo. Se queres estar ao tanto, visítanos en <https://autonomica.cigadmon.gal>

Se queres recibir a información que enviamos por **correo electrónico**, escríbenos a xunta@cigadmon.gal

Para recibir as mensaxes da nosa canle de **WhatsApp**, súscribete en <https://i.gal/whatsappcigautonomica> ou pídenolo ao 644707434.

Búscanos en **Telegram** e **X (twitter)** por "CIG Autonómica". Tamén podes atoparnos en Telegram directamente desde a ligazón <http://t.me/cigautonomica>

Locais e teléfonos de contacto

- Compostela
- Local en San Caetano (soto de Educación). 981545909, 981545985.
 - Local en San Lázaro (edif. de Emprego). 881997290, 981546999.
- A Coruña
- Local no edificio da Xunta en Monelos. 981185993.
 - Local na sede da CIG. 981169803.
- Ferrol
- Local na sede da CIG. 981358750.
- Lugo
- Local no edificio da Xunta. 982294209.
 - Local na sede da CIG. 982229013.
- Ourense
- Local na sede da CIG. 988233850.
- Pontevedra
- Local no edificio da Xunta. 986805515, 886206647
- Vigo
- Local no edificio da Xunta (8º andar). 986817597, 986817698.
 - Local na sede da CIG (r/ Gregorio Espino). 986827927, 986827928.

